

TEMA 3: ISAÍAS

A nosa vida repousa nas mans de Deus

Is 7,1-9.14

"Se non credes, non subsistiredes"



Ambientación

Reservámonos este tempo para a lectura orante da Palabra. Se deixamos que cale no noso corazón será fonte de esperanza no noso camiñar. Podemos **comezar cantando** xuntos: “Teño que berrar”.

Antes de empezar buscamos **Is 7,1-9.14.**

Miramos a nosa vida

Xoán sempre foi un home honrado e leal que chegou a ser alcalde do seu pobo. Todo ía ben ata que tomou unha decisión que molestou a un tipo importante que, valéndose doutras persoas, comezou a correr a voz de que se meteu en malos pasos e roubara unha forte cantidade de diñeiro. A situación, aos poucos, fíxose insoportable para o pobre Xoán que non soubo ver de onde saía todo aquilo. O peor é que unha noticia así non había como parala... e converteuse nun apestado.

Xoán sentiuse á beira da depresión sen facer nada malo. Só atopou un pouco de acougo nun par de amigos e na fe que o acompaña desde a súa infancia.

- *Por que é mal visto Xoán?*
- *Pode facer algo ante esta situación?*
- *Cando nos chega o conflito en quen poñemos a nosa confianza?*
- *Que persoas nos prestaron axuda nestas situacións?*

Escoitamos a Palabra de Deus

Isaías implícase co rei de Xerusalén, ante a ameaza de guerra por parte de Siria e Israel. Ajaz e o pobo de Xudá tremen como "*as árbores do bosque sacudidos polo vento*". O profeta é radical e contundente: non hai nada que temer porque Deus prometeu a continuidade da dinastía de David.

- Antes de escoitar a palabra de Deus gardamos un **momento de silencio** e invocamos o auxilio do Espírito Santo.
- Un membro do grupo le en voz alta **Is 7,1-9.14**.

¹No tempo do rei de Xudá, Acáz, fillo de Iotán, fillo de Ozías, subiron a Xerusalén Resín, rei de Siria e Pécah, fillo de Remalías, rei de Israel, atacárona, pero non foron capaces de a conquistar.

²Daquela chegou a noticia á descendencia de David nestes termos:

"Os sirios están acampados en Efraím"; estremeceuse o seu corazón e mais o corazón do seu pobo, o mesmo que se estremecen as árbores do soto en presenza do vento.

³Entón díxolle o Señor a Isaías: "Saíde ó encontro de Acáz, ti e mais o fillo que se chama Sear Yasub, ó cruce da canle do Estanque de Arriba co camiño que vai ó campo do bataneiro. ⁴Haslle dicir:

Atento: ten moita calma, non teñas medo e que o teu corazón non se afrouxe por eses dos dous tizóns que fumegan: a rabia de Resín de Aram e do fillo de Remalías. ⁵Porque Aram aconselloulles calamidades contra ti a Efraím e ó fillo de Remalías, dicíndolles: ⁶Subamos contra Xudá e infundámoslle pavor; abramos brecha contra ela e constituamos rei nela ó fillo de Tabel".

⁷Así fala o Señor Iavé: "Isto non se cumprirá nin sucederá, ⁸pois Damasco é a capital de Aram, e a cabeza de Damasco é Resín (ó cabo de sesenta e cinco anos Efraím deixará de ser un pobo); ⁹a capital de Efraím é Samaría, e a cabeza de Samaría é o fillo de Remalías. Vós non credes. ¡Pois non subsistiredes!"

¹⁴Por isto, o meu Señor daravos El mesmo un sinal: Velaí a doncela: está en cinta e dá a luz un fillo, ó que lle pon de nome Emmanuel.

- **Reflexionamos en silencio:** lemos de novo a pasaxe e tratamos de comprendelo, coa axuda da introdución ao profeta que estudamos previamente e coas notas da nosa Biblia.
- Respondemos xuntos a estas preguntas:

- ✓ *Que personaxes aparecen neste relato?*
- ✓ *Siria e Efraín fixeron unha alianza anti-Asiria, que proxecto teñen sobre Xudá?*

- ✓ *Cal é a reacción do rei de Xerusalén?*
- ✓ *Que di Isaías a Ajaz, no nome de Deus?*
- ✓ *Que significan as palabras de Isaías (Is 7,14) no contexto do Antigo Testamento?*

Volvemos sobre a nosa vida

Os cristiáns sabemos que non debemos temer, estamos seguros de que Deus está presente na historia e que aposta sempre pola liberación da humanidade. Sentímonos chamados, como o profeta Isaías, a implicarnos na sociedade na que vivimos; unhas veces denunciando aquilo que non encamiña cara ao Reino e outras anunciando ás persoas que poden estar tranquilas, que as súas vidas non vagan ao azar, senón que descansan nas mans de Deus.

- *Temos posta a nosa confianza no Señor?*
- *Como axudamos ás persoas a non temer nos momentos de dificultade e a poñer a súa esperanza en Deus?*
- *Isaías, fiado de Deus, comprometeu a súa vida para a liberación do pobo. O noso cristianismo ten unha dimensión pública ou nos refuxiamos no ambiente cálido da nosa pequena comunidade? En que podemos comprometermos socialmente?*

Oramos

Unha forma de poder escoitar os latexos do corazón das persoas é tomar contacto co xornal. Se sabemos ler máis aló da letra podemos percibir, a través del, os fíos que tecen a historia.

Poñemos ao redor da Biblia, que sempre estará aberta presidindo as nosas reunións, uns recortes de xornais.

- Lemos de novo a pasaxe: **Is 7,1-9.14**
- Durante uns instantes tomamos contacto coa prensa. Tentamos facelo desde a mirada de Deus.
- A continuación oramos en voz alta, expresando a nosa confianza nun Deus que nos di: "Está tranquilo, non teñas medo nin te acovardes" (Is 7,4).
- Acabamos o encontro lendo xuntos: **1Xn 4,7-10.**

Coa lectura desta pasaxe separámonos tendo a certeza de que Deus amounos primeiro.

⁷Meus amigos, amémonos uns ós outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. ⁸O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor. ⁹O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ó mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida. ¹⁰Hai amor dentro de nós, non porque nós teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para que expiase os nosos pecados.

As miñas notas...



Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 85 a 99.